

CARPETA DE AULA

Nivel: 6º EDUCACIÓN INFANTIL

Curso: 2021 - 2022

Mestras: Noa Piedrahita Abril (titora)

1º TRIMESTRE

1 - ANÁLISE DA COHESIÓN DO GRUPO-CLASE

O grupo deste curso está formado por 11 nen@s de 5 anos. Anque este é o seu terceiro ano no centro, cabe sinalar que o seu primeiro curso quedou truncado pola pandemia e o curso pasado estiveron mesturad@s co alumnado de 6º de infantil, polo que este curso se fan necesarias varias dinámicas de cohesión para fortalecer vínculos, reforzar a conciencia de grupo e evitar actitudes individualistas en prol do traballo en equipo.

	SI ocorre	NON ocorre	Dinámica proposta
Nivel de participación desigual	X		A maleta
Boa relación entre os alumnos	X		
Pouca relación co alumnado con discapacidade		X	
Actitudes individualista ou competitivas	X		Tea de araña
Non valoración do traballo en equipo	X		O mundo de cores

2-DECISIONS ÁMBITO A: DINÁMICAS

A MALETA: realizouse nos primeiros días de curso, nos que traían da casa fotos de diferentes momentos e vivencias do verán, para compartir co grupo, e así coñecernos mellor.

Recollemos algunhas das imaxes das súas achegas e compilámolas nun álbum que levaron polas casas.

A TEA DE ARAÑA: desenvolveuse coa finalidade de visualizar a importancia de tod@s e cada un/unha dentro do grupo e a necesidade de participación constante e activa de tod@s @s compoñentes.

O MUNDO DE CORES: realizámola previamente á composición dos grupos, de xeito que se tivera en conta a heteroxeneidade e a diversidade á hora de formar equipos.

DESCRIPCIÓN DA DINÁMICA "O MUNDO DE CORES"

* **Decisións:** decidimos implementar esta dinámica porque á hora de formar equipo sempre tenden a unirse cos mesm@s nen@s, por afinidade , e con tendencia a deixar atrás a outr@s. As personalidades máis líderes arrastran ao grupo, polo que consideramos necesario facer una reflexión neste sentido.

* **Obxectivo prioritario:** visibilizar e reflexionar sobre a importancia de relacionarnos con tod@s @s compañeir@ e de formar equipos nos que tod@s participan e colaboran.

* **Material:** 10 gomets de círculo verde e 1 gomet de estrela brillante.

* **Organización do tempo:** media sesión en total. Un par de minutos de preparación, para poñer os gomets, 5 minutos de

desenvolvemento mentres fan os agrupamentos e 15 minutos de charla e reflexión.

* **Desenvolvemento:** realizámola no patio e propuxemos que estiveran cos ollos pechados mentres lle pegábamos un gomet na fronte a cada nen@. Todos os gomets eran iguais agás un, con diferente forma e cor. Este gomet optamos por pegarllo a una das nenas líderes da aula, una rapaza que soe dirixir os xogos, distribuir material ou recunchos, etc.

* **Consigna:** Una vez tod@s tiñan o gomet pegado, déúselles a indicación para desenvolver a actividade : " podedes abrir os ollos e tedes que agruparvos" Sin máis explicación ca isto, agardamos a que comece a reaccionar e imos comprobando quen toma a iniciativa e quen se mantén mais pasiv@, en que se basean para agruparse, que teñen en conta...

* **Intervención e regulación da actividade:** nun primeiro momento as mestras só observamos. Logo, segundo se van agrupando, provocamos reflexións con preguntas do tipo "por qué vos xuntastes?", "que pasa con X que está sin grupo?", "sodes iguais tod@s neste equipo?", "por qué hai X equipos si todos sodes iguais?", "que pasa con X que ten un gomet diferente?", "en que equipo pode ir X con gomet diferente?"... Con todas estas cuestión pretendemos que comece a reflexionar e expoñer argumentos sobre os agrupamentos e rebátelos de xeito que vaian tomando conciencia da necesidade e importancia de formar equipos heteroxeneos.

* **Conclusión:** nun primeiro momento @s nen@s comezaron a preguntarse de que cor eran os seus gomets, axudándose uns a outros, e formaron rapidamente 2 grupos. Cando as mestras comezamos a facer preguntas para motivar reflexións, houbo quen se cambiou de equipo, tamén que indicaba ao compañeiro que cambiaran de equipo xuntos... Non tardaron en descubrir que había un gomet que non se correspondía co resto e, a primeira decisión casi xeral, foi excluíla do grupo. Cando esta rapaza se

viu soa e sin equipo, as mestras preguntamos que podíamos facer con ela. Foi entón cando una das compañeiras saíu do seu equipo e se xuntou con ela, pola man, decindo que non quería que quedara soa. Ese foi o momento no que incidimos cunha morea de cuestión sobre o que podían facer, como se estaría a sentir, como nse sentían eles, que pasa cando alguén é diferente, que sucede si incluimos no noso grupo a alguén que non é igual ca nós, etc... Todo isto deunos para una boa charla e reflexión que rematou coa decisión de formar un único grupo, conxunto e inclusivo.

* **Valoración:** valoramos moi positivamente a dinámica porque deu pé a reflexionar e falar moito sobre amizade, equipos, sentimentos, axuda aos demais, etc. @s nen@s visualizan moi ben tanto o momento "discriminatorio" coma o momento "inclusivo"



PREPARACIÓN







MOMENTO NO QUE UNHA COMPAÑEIRA DECIDE ACOMPAÑAR Á "DIFERENTE"



MOMENTO FINAL DE EQUIPO ÚNICO

2-DECISIÓNS ÁMBITO B: ESTRUCTURAS

As estruturas que repetimos durante o trimestre foron "lápicos ao centro" e "folio xiratorio" xa que son as que coñecen como funcionan e resultan máis sinxelas de adaptar ao grupo e ás necesidades.

LÁPICES AO CENTRO: adaptamos esta estrutura e se emprega de xeito regular nas tarefas de lectoescritura, como redacción de notas, listado ideas principais, escritura no teclado ou recortado e pegado.

FOLIO XIRATORIO: empregamos esta estrutura de maneira regular en actividades de escritura, confección de listados, exercicios de seriación e resumo de contos e busca e selección de imaxes

DESCRIPCIÓN DA ESTRUCTURA FOLIO XIRATORIO

- **Decisións:** deseñamos unha adaptación da estrutura folio xiratorio para desenvolver unha actividade cos escornabots proposta pola biblioteca.
- **Obxectivo prioritario:** evidenciar a necesidade da participación de tod@s @s membros do equipo para resolver a actividade proposta.
- **Material:** taboleiro con imaxes nas celdas, escornabot e tarxetas con preguntas
- **Organización do tempo:** unha sesión, empregando una primeira parte para a explicación do que se vai facer e o resto para a actividade en sí
- **Desenvolvemento:** comezamos visualizando un vídeo explicativo realizado polo alumnado voluntariado no que se explican os diferentes recunchos que hai na biblioteca, que recursos atopamos e para que se empregan, as normas básicas de uso, etc. Logo, cada equipo conta cunhas tarxetas con preguntas sobre diferentes aspectos relativos á ubicación, emprego ou recursos cos que conta a biblio e que se corresponden coas diferentes imaxes recollidas no taboleiro. A actividade consiste en programar o escornabot para que chegue ata a celda coa imaxe que da resposta á pregunta da tarxeta.

- **Consigna:** escoitamos a pregunta e poñémonos de acordo na resposta correcta. Unha vez que sabemos cal é a imaxe á que hai que chegar, outro membro do equipo deseña o camiño que debe percorrer o robot e o resto verifica ou corrixe, Por último outro membro programa o escornabot e comproba o percorrido.
- **Intervención e regulación da actividade:** a maiores de lerlle as tarxetas das preguntas, foi preciso intervir algunhas veces para recordar os pasos a seguir, sin que saltaran ningún. As mestras tivemos que regular as quendas, xa que en algún grupos a tendencia era a resolver canto antes, sin agardar a quenda. Outro aspecto no que houbo que intervir foi o "frenar" a aqueles que dominan máis a programación do robot xa que son propensos ao "así non é" ou "estás a facelo mal".
- **Conclusión:** a nivel xeral resultou bastante ben, xa que os pasos da estrutura se respectaron e cada chegada á imaxe correcta se celebrou coma una consecución grupal. Nun primeiro momento tivemos que intervir recordando as normas e insistir en que podemos axudar e explicar aos compañeir@s pero cada quen debe facer a súa parte. Pouco a pouco foron asumindo a dinámica da actividade e chegaron a resolver de xeito autónomo cada equipo, e celebrando os acertos conxuntamente.







4 - DECISIONS ÁMBITO C: PLAN DE EQUIPO

No noso grupo, formado por 11 alumn@s, distribuimos **3 grupos**, 2 grupos de 4 compoñentes e 1 grupo de 3: vermello, azul e amarelo.

Estes grupos manteranse todo o trimestre, e mudaran cando remate, facéndoo coincidir co final da tarefa do proxecto de centro programada para este trimestre

Neste trimestre deseñamos **dous Plans de Equipo**, xa que adicamos bastante tempo ás dinámicas e a recordar o funcionamento das estruturas e a función dos cargos.

Os **cargos** que decidimos son só dous, para empezar:


- **Madarete do silencio**
- **Mandarete da voz** (portavoz)

Como **obxectivos de Equipo** do primeiro Plan propuxemos 3 comúns para todos os equipos, coa idea de que máis adiante sexan eles quen marquen os seus propios e máis personalizados.

- **Participar na actividade**
- **Respectar as quendas**
- **Axudar aos outros**

Valoraíón: nun primeiro momento algúns nen@s tenderon a valorarse a sí mesm@s moi positivamente e todo o contrario a algún/a compañeir@. As mestras interviñemos para guiar a avaliación e provocar un razoamento en prol dunha valoración máis axustada á realidade.

A función dos cargos tamén é algo que hai que estar recordando constantemente, a pesares de que está reforzado con uns pictogramas representativos pegados na mesa.



No segundo Plan de equipo xa incluimos **compromisos persoais**, propostos despois de promover unha reflexión persoal na que debían expoñer cousas que "poderían mellorar". Fixeron propostas propias e tamén achegas sobre posibles propostas para o resto do equipo. O certo é que resultaron bastante axustadas á realidade e ás necesidades de cada quen. No grupo do neno con necesidades especiais foron as súas compañeiras as que se encargaron de facer propostas e seleccionar a máis axeitada.

Valoración: simplificamos as valoracións con gomets de carañas de dúas cores: verde - fíxeno moi ben sempre e vermello - fíxeo ben ás veces.

As valoracións dos compromisos persoais, ao ser máis concretos, resultaron máis fáciles de avaliar pola súa parte, anque en algúns equipos houbo debate para poñerse de acordo.

Como proposta de mellora, decidimos que no vindeiro trimestre os compromisos persoais sexan máis concretos e se marcarán antes dunha actividade e axeitados para esa en concreto. O diario de sesión realizarase inmediatamente despois de realizar a actividade, procurando así facilitar o proceso de avaliación pola súa parte

PLAN DO EQUIPO

CURSO	6º EDUC. INFANTIL
NOME DO EQUIPO	AFUL

COMPONENTES	CARGOS
AINARA	MANDARETE DA VOZ
MATEO	
AINHOA	MANDARETE DO SILENCIO
ZOE	

OBXECTIVOS DO EQUIPO	
1	PARTICIPAR NA ACTIVIDADE
2	RESPECTAR AS QUENDAS
3	AXUDAR A OUTR@S

DIARIO DE SESIÓN

DATA	22-11-2021
DINÁMICA/ ESTRUTURA	FOLIO XIRATORIO
ÁREA	GLOBALIZADA

QUE FOI O QUE FIXEMOS ESPECIALMENTE BEN ?

PARTICIPAR TOD@S E REMATAR A
ACTIVIDADE COMPLETA
AYUDAR E CORREXIR AOS COMPAÑEIR@S

QUE É O QUE TEMOS QUE MELLORAR ?

RESPECTAR AS QUENDAS
ANIMAR AOS COMPAÑEIR@S QUE SE EQUIVOCAN.

COMPONENTES	COMPROMISOS PERSOAIS
AINHOA	FALAR MÁIS BAIXIÑO
MATEO	DEIXAR O MATERIAL NA MESA, SIN TIRALO.
AINARA	ESCRIBIR SIN COPIAR POL@S COMPAÑEIR@S.
ZOE	REMATAR AS ACTIVIDADES MÁIS RÁPIDO

OS COMPROMISOS PERSOAIS

NOMES	QUE FIXEN ESPECIALMENTE BEN	QUE DEBO MELLORAR
AINHOA	BAIXAR O VOLUME DA VOZ	FALAR UN POUCO MENOS
MATEO	CODAR O MATERIAL	RECOLLER
AINARA	INTENTAR ESCRIBIR TODAS AS LETRAS QUE SEI	PRACTICAR MAIS COAS LETRAS
ZOE	APURARME	REMATAR SIN AXUDA

REVISIÓN DO PLAN

DATA: 9-12-2021

NOMES	PARTICIPO NA ACTIVIDADE	RESPECTO AS QUENDAS	AXUDO A OUTROS
AINHOA			
MATEO			
AINARA			
ZOE			

(valoración pegando gomets de cores segundo grao de consecución)

CARPETA DE AULA

Nivel: 6º EDUCACIÓN INFANTIL

Curso: 2021 - 2022

Mestras: Noa Piedrahita Abril (titora) e

Yolanda López Paz (especialista pedagogía
terapéutica)

2º TRIMESTRE

1 - ANÁLISE DA COHESIÓN DO GRUPO-CLASE

Neste trimestre cambiamos os compoñentes dos equipos para favorecer a interrelación entre o alumnado e a adaptación ao traballo con diferentes ritmos de aprendizaxe.

	SI ocorre	NON ocorre	Dinámica proposta
Nivel de participación desigual	X		Grupo nominal
Boa relación entre os alumnos	X		
Pouca relación co alumnado con discapacidade		X	

Actitudes individualista ou competitivas	X		Tea de araña Rede de apoio entre compañeir@s
Non valoración do traballo en equipo		X	

2-DECISIONS ÁMBITO A: DINÁMICAS

O GRUPO NOMINAL: empregouse para promover a participación de todo o alumnado e a implicación na toma de decisións a nivel grupal. Deste xeito equilibramos o protagonismo excesivo de algúns alumn@s fronte á pouca participación de outr@s.

A TEA DE ARAÑA: desenvolveuse coa finalidade de visualizar a importancia de tod@s e cada un/unha dentro do grupo e a necesidade de participación constante e activa de tod@s @s compoñentes.

A REDE DE APOIO ENTRE COMPAÑEIR@S: levámola a cabo para facilitar a inclusión e participación dun alumno con necesidades específicas de apoio educativo.

DESCRIPCIÓN DA DINÁMICA "O GRUPO NOMINAL"

- * **Decisións:** decidimos implementar esta dinámica porque á hora de facer aportación hai moita desigualdade no nivel de participación, chegando as veces a non deixar participar ao alumnado cun ritmo máis lento.
- * **Obxectivo prioritario:** conseguir unha participación equitativa entre o alumnado
- * **Material:** pictogramas, pizarra e rotuladores-
- * **Organización do tempo:** unha sesión. A primeira parte foi unha explicación da mestra sobre o que se pretende e de seguido un tempo para pensalo individualmente. Rematamos a sesión cunha choiva de ideas, selección das máis importantes e adxudicación de tarefas individuais a realizar.
- * **Desenvolvemento:** despois do visionado dun vídeo da receita, o alumnado tiña que pensar nos ingredientes necesarios para realizala entre tod@s. Logo dun tempo para pensalo cada quen

tiña que facer unha aportación que a mestra ía apuntando na pizarra. Logo revisamos e seleccionamos os que queriamos para despois poder ir facer a compra.

- * **Consigna:** logo de ver o vídeo da receita, pensar en posibles ingredientes para realizar a propia.
- * **Intervención e regulación da actividade:** as mestras damos as indicacións e marcamos os tempos. Regulamos as quendas de intervención para que cada alumn@ faga unha soa aportación de cada vez e repecten o turno d@s compañeir@s.
- * **Conclusión:** nun primeiro momento a tendencia foi a aportar moitas ideas, aqueles alumn@s máis dispostos, fronte á escasa ou nula participación de outros. Coa consigna dada de só unha idea por nen@ de cada vez, conseguimos regular este desequilibrio.

Cabe sinalar que o uso de pictogramas facilitou enormemente a participación de un alumno con necesidades específicas e cunha grande limitación comunicativa

- * **Valoración:** valoramos moi positivamente a dinámica porque axudou a regular o ritmo de intervención desiguale facilitou a inclusión dun alumno con dificultades comunicativas.



2-DECISIONS ÁMBITO B: ESTRUCTURAS

As estruturas que repetimos durante o trimestre foron "lápices ao centro" e "folio xiratorio" xa que son as que coñecen como funcionan e resultan máis sinxelas de adaptar ao grupo e ás necesidades.


LÁPICES AO CENTRO: adaptamos esta estrutura e se emprega de xeito regular nas tarefas de lectoescritura, como redacción de notas, listado ideas principais, escritura no teclado ou recortado e pegado.

FOLIO XIRATORIO: empregamos esta estrutura de maneira regular en actividades de escritura, confección de listados, exercicios de seriación e resumo de contos e busca e selección de imaxes

DESCRIPCIÓN DA ESTRUCTURA FOLIO XIRATORIO

- **Decisiones:** deseñamos unha adaptación da estrutura folio xiratorio para desenvolver unha actividade de redacción e confección dunha listaxe de ingredientes para elaborar unha receita
- **Obxectivo prioritario:** promover a participación de todos os membros do equipo na medida das súas posibilidades.
- **Material:** folios tamaño A3, lapis, gomets e pictogramas
- **Organización do tempo:** unha sesión, empregando una primeira parte para a explicación do que se vai facer e repaso das palabras traballadas previamente e o resto para escritura e confección da listaxe
- **Desenvolvemento:** comezamos repasando o vocabulario e as consignas do funcionamento da estrutura do folio xiratorio. Entregamos o material e marcamos @primeir@ compoñente do equipo en participar.
- **Consigna:** unha vez entregado o material empeza o número 1 de cada equipo e debe pasar o papel ao seguinte cando remate de escribir a súa palabra. Si algún nen@precisa axuda, recurrirá en primeiro lugar aos compañeir@s do equipo, que intentará porlle solución. As mestras seremos o último recurso, xa que o papel principal será o de supervisoras.

- **Intervención e regulación da actividade:** as mestras supervisamos que se respecten as quendas e que tod@s participen. Recordamos que a primeira axuda será sempre o grupo e reconducimos en caso necesario
- **Conclusión:** a nivel xeral resultou bastante ben, xa que os pasos da estrutura se respectaron e conseguiuase a participación total. O alumnado do grupo con máis dificultades amosouse moi pendente de prestar axuda e xestionáronse autonomamente nese proceso.



4 - DECISIONS ÁMBITO C: PLAN DE EQUIPO

No noso grupo, formado por 11 alumn@s, distribuimos **3 grupos**, 2 grupos de 4 compoñentes e 1 grupo de 3: vermello, azul e amarelo.

Estes grupos manteranse todo o trimestre, e mudarán cando remate, facéndoo coincidir co final da tarefa do proxecto de centro programada para este tempo.

Neste trimestre deseñamos **dous Plans de Equipo**, xa que adicamos bastante tempo ás dinámicas e a recordar o funcionamento das estruturas e a función dos cargos.

Os **cargos** que decidimos son só dous, os mesmos que no primeiro trimestre:


- **Madarete do silencio**
- **Mandarete da voz** (portavoz)

Como **obxectivos de Equipo** do primeiro Plan propuxemos 3 comúns para todos os equipos, coa idea de que máis adiante sexan eles quen marquen os seus propios e máis personalizados.

- Participar na actividade
- Respetar as quendas
- Axudar aos outros

Valoraíón: nun primeiro momento algúns nen@s tenderon a valorarse a sí mism@s moi positivamente e todo o contrario a algún/a compañeir@. As mestras interviñemos para guiar a avaliación e provocar un razoamento en prol dunha valoración máis axustada á realidade.

A función dos cargos tamén é algo que hai que estar recordando constantemente, a pesares de que está reforzado con uns pictogramas representativos pegados na mesa.



No segundo Plan de equipo xa incluimos **compromisos persoais**, propostos despois de promover unha reflexión persoal na que debían expoñer cousas que “poderían mellorar”. Fixeron propostas propias e tamén achegas sobre posibles propostas para o resto do equipo. O certo é que resultaron bastante axustadas á realidade e ás necesidades de cada quen. No grupo do neno con necesidades especiais foron as súas compañeiras as que se encargaron de facer propostas e seleccionar a máis axeitada.

Valoración: simplificamos as valoracións con gomets de carañas de dúas cores: verde - fíxeno moi ben sempre e vermello - fíxeo ben ás veces.

As valoracións dos compromisos persoais, ao ser máis concretos, resultaron máis fáciles de avaliar pola súa parte, anque en algúns equipos houbo debate para poñerse de acordo.

Como proposta de mellora, decidimos que no vindeiro trimestre os compromisos persoais sexan máis concretos e se marcarán antes dunha actividade e axeitados para esa en concreto. O diario de sesión realizarase inmediatamente despois de realizar a actividade, procurando así facilitar o proceso de avaliación pola súa parte

PLAN DO EQUIPO

CURSO	6.º EDUC. INFANTIL . 2021 - 2022
NOME DO EQUIPO	EQUIPO PRO

COMPONENTES	CARGOS
AINHOA	MANDARETE DA VOZ
BRAIZ	MANDARETE DO SILENCIO
ASIER	
AROA	

OBXECTIVOS DO EQUIPO	
1	PARTICIPAR NA ACTIVIDADE
2	RESPECTAR AS QUENDAS
3	AXUDAR A OUTR@S

REVISIÓN DO PLAN

DATA:

NOMES	PARTICIPO NA ACTIVIDADE	RESPECTO AS QUENDAS	AXUDO A OUTROS
SOFA			
Gael			
AITANA			
AINARA			

(valoración pegando gomets de cores segundo grao de consecución)

DIARIO DE SESIÓN

DATA	8 - 3 - 2022
DINÁMICA/ ESTRUCTURA	FOLIO XIRATORIO
ÁREA	GLOBALIZADA

QUE FOI O QUE FIXEMOS ESPECIALMENTE BEN ?

TRABALLAR TOD@S

RESPETAR AS QUENDAS

QUE É O QUE TEMOS QUE MELLORAR ?

AXUDAR SIN GRITAR NIN DECIR QUE ESTA'
MAL.

OS COMPROMISOS PERSOAIS

NOME	COMPROMISO
MATEO	* ATOPAR AS LETRAS NOS GOMETS E PEGALAS CORRECTAMENTE
ARDA	FACER LETARS PEQUENAS
ZOE	ESCRIBIR MUCHAS LETRAS
AMANDA	NÃO FACER BORDOS

Autoinforme : Adaptación dunha estrutura para o equipo con un alumno/a con barreiras para a aprendizaxe

Profesor/Profesora	Noa Piedrahita Abril
Centro	CEIP Plurilingüe Leirado
Curso e Grupo	6º educ.Infantil
Área	Globalizada
Unidade Didáctica	Medios de transporte

Descrición da actividade e situación na secuencia didáctica da Unidade de Aprendizaxe/ tarefa

Dentro da tarefa integrada do PDI “a volta ao mundo en 166 días” do primeiro trimestre, traballamos os medios de transporte. Despois da busca de información decidimos elaborar un mural no que se recollen distintos medios de transporte e se especifican diferentes aspectos de cada un deles en formato cadro de dobre entrada. Os ítems que se traballaron son;

- Foto do vehículo
- Medio polo que se despraza: terra, mar ou aire
- Número de rodas
- Combustible que emprega: gasolina, aire, electricidade ou forza humana
- Distancia que pode percorrer: curta, media ou longa
- Pasaxeiros: individual,ouca xente ou moita xente.
- Nome

Estrutura empregada	Folio xiratorio
----------------------------	-----------------

Adaptación da estrutura

a) Características do equipo, barreiras do alumno/a e tipo de adaptación

O equipo está formado por 4 alumn@s,que traballan moi ben de xeito autónomo aínda que con ritmos diferentes. Neste grupo está un neno con necesidades derivadas do Síndrome de Down. Presenta dificultades de comunicación, con ausencia de linguaxe oral, así como dificultade para centrar a atención ou mantela durante un tempo prolongado.

Decidimos adaptar a actividade engadindo imaxes reais e pictogramas representativos, de xeito que el poida visualizar as opcións de resposta e resolver de maneira manipulativa.

b) Descrición da actividade adaptada indicando a acción concreta que debe realizar cada un dos membros do equipo

Na primeira parte da actividade debían atopar a imaxe do transporte que aparecía escrito na pantalla. Lían solos ou con axuda, e buscaban e pegaban no mural. A adaptación consistía en que era a profe a que lía o nome,ou a profe con axuda dalgunha nena do grupo e sempre facendo referencia a medios de transporte máis comúns e coñecidos. Por exemplo coche, avión bici, moto, tren...fronte aos que buscaban outros compoñentes do equipo, como metro, funicular, transatlántico,etc.

A segunda parte da actividade a realizar é a mesma para todo o grupo, só varía o ítem do cadro que cada quen debe completar. Deste xeito se vai rotando de forma que ás nenas do equipo lles corresponden os ítems de

- Nome do medio de transporte: escritura das letras

- Número de rodas: conteo e escritura do número
- Tipo de combustible que emprega: asignación do pictograma correspondente
- Distancia que pode percorrer: representado as distancias con equivalencias en gomets de pequeno, mediano e grande.

Os apartados a complementar polo neno con maiores dificultades foron:

- Medio polo que se transporta: escollendo entre foto do ceo, do mar e dunha carretera
- Número de pasaxeiros que pode transportar: elixindo entre pictogramas de unha persoa, poucas persoas ou moita xente

c) Apoio proporcionado por o mestre/a (de área ou de apoio)

- Previo á realización da estrutura

Presentamos as imaxes que representan os distintos medios e xogamos a asociar con pezas de transporte de xeito manipulativo. Imprimín a tamaño grande as fotos do mar, a carretera e o ceo e el ía colocando en cada foto a figura do transporte segundo corresponde.

Presentamos tamén os pictogramas de unha persoa, poucas persoas (3 neste caso) e moita xente. Con imaxes impresas en tarxetas, xogamos a facer relación con pompóns de cores. Separados en montóns de moitos, poucos e un só, o neno debía achegar a tarxeta correspondente a cada grupo

- Durante a realización da estrutura

Recordamos os conceptos traballados

- Terra,mar e aire
- Un, poucos e moitos

Tapamos o resto das imaxes deixando só ao descuberto o medio de transporte sobre o que pretendemos traballar para evitar dispersar a atención.

Preguntamos ao resto do grupo cando detectamos que está “atascado”,deste xeito son as propias compañeiras as que van guiando as respostas

Despois de cada quenda preguntamos ao resto do equipo si concordaban coa resposta, e nese caso se procedía a pegar a imaxe,ou si discrepaba alguén e se buscaba alternativa entre tod@s.

d) Apoio do resto de compañeiros/as do equipo para o desenvolvemento da estrutura

As compañeiras eran as encargadas de facer rotar o “folio” e recordar as quendas de participación. En cada quenda as compañeiras eran quen se ocupaban de seleccionar as imaxes ou pictogramas entre as que debería escoller a correcta, ofrecendo entre dúas, tres ou catro opcións como moito. Repetían a consigna do que debía buscar para acompañalo durante o proceso e supervisaban as súas escollas,confirmando se era correcto ou corrixindo cando foi preciso

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

A valoración resultou moi positiva, xa que completaron a actividade totalmente en equipo e tod@s participaron no proceso de xeito moi activo.

O aspecto máis positivo foi que tod@s tentaron axudarse e conseguiron corrixirse dun xeito moi positivo, animarse e coordinarse entre eles para completar a actividade.

A maior dificultade foi que o neno con necesidades rexeitou nun primeiro momento a axuda e aportacións das compañeiras, buscando á mestra como referencia. Isto foise controlando segundo avanzaba a actividade e, finalmente, amosaba satisfacción ao resolver e ser felicitado polo grupo

TRANSPORTE			
MEDIO			
RODAS 	4	2	X
COMBUSTIBLE			
DISTANCIA			
PASAXEIRO			
NOME	COCHE	BICL	ALADELA

			
			
X	X	X	X
			
			
			
CANOA	AVIONETA	TRAMBA	BARCA





TRANSPORTE										
MEDIO										
RODAS	4	2	X	X	4	X	4	2	X	4
COMBUSTIBLE										
DISTANCIA										
PASAJEIRÓS										
NOME	COCHE	BICI	ALADELA	TREN	PATINS	HELICOPTER	AUTOBUS	MOTO	BELERO	CAMIONET

3	X	2	X	4	1	4	4	4	X	X
TRICICLO	SUMARINO	PATINETE	GLOBO	FURGONET	MONOCCILO	QUAT	CARABANA	TRACTOR	AVION	TREN

Autoinforme : Adaptación dunha estrutura para o equipo cun alumno/a con barreiras para a aprendizaxe

Profesor/Profesora	Noa Piedrahita Abril (titora) e Yolanda López Paz (especialista P.T)
Centro	CEIP Plurilingüe Leirado
Curso e Grupo	6º Educación Infantil
Área	Globalizada
Unidade Didáctica	Recetas do mundo

Descrición da actividade e situación na secuencia didáctica da Unidade de Aprendizaxe/ tarefa

Dentro do proxecto "A volta ao mundo en 160 días" deseñamos unha tarefa integrada ao redor dunha receita típica do país que estamos a traballar. Despois de buscar e coñecer diferentes receitas, a escollida foi "cus cús con polo e verduriñas". Para desenvolver a actividade primeiro debían coñecer a estrutura textual dunha receita, logo coñecer os ingredientes necesarios e confeccionar a lista de produtos para ir ao súper e facer a compra.

Estrutura empregada	Folio xiratorio
----------------------------	-----------------

Adaptación da estrutura

a) Características do equipo, barreiras do alumno/a e tipo de adaptación

Equipo formado por catro compoñentes, dos cales, tres traballan de xeito autónomo e, aínda con distintos ritmos de aprendizaxe, son moi capaces de adaptarse ao traballo en equipo e, un alumno que presenta dificultades comunicativas, ausencia de linguaxe oral e problemas para prestar e manter a atención durante un tempo prolongado, necesidades derivadas da Síndrome de Down.

Para adaptar a actividade:

- flexibilizamos os tempos das quendas de intervención
- incluimos pictogramas como reforzo visual
- adaptamos o texto con gomets de letras
- asignamos "responsabilidades" ás compañeiras do equipo (empregamos a dinámica "Rede de apoio entre compañeir@s")

b) Descrición da actividade adaptada indicando a acción concreta que debe realizar cada un dos membros do equipo

A actividade consiste na elaboración dunha listaxe cos ingredientes que se van precisar para a elaboración da receita. Con esta listaxe poderán ir ao supermercado a facer a compra. Cada compoñente do equipo debe escribir o nome dun dos ingredientes previamente traballados, realizarase en estrutura de folio xiratorio. Para adaptar a actividade ao alumno con dificultades, as letras das palabras que debe compoñer dáselle en gomets, de xeito que as compañeiras escriban na pizarra individual letra a letra e este alumno deberá recoñecela e pegala por orde nos puntos que lle indican os compañeir@s.

Para que a actividade resulte significativa incluímos pictogramas de cada alimento, de xeito que tod@s@s compoñentes do equipo deben engadir o picto xunto á súa palabra, para que resulte máis visual o resultado final, facilitando así tamén a comprensión do ANEAE.

c) Apoio proporcionado polo mestre/a (de área ou de apoio)

- Previo á realización da estrutura

- Explícase a dinámica da estrutura do folio xiratorio
- Acórdase co grupo cales son as "tarefas de axuda" a desenvolver por cada quen
- Amósanselle as imaxes dos pictos á vez que se lle van dicindo os seus nomes
- Proporcionanse as letras escritas nos gomets

- Durante a realización da estrutura

- Recórdase a tarefa que cada quen ten asignada
- Intervense cando non se respectan as quendas.

d) Apoio do resto de compañeiros/as do equipo para o desenvolvemento da estrutura

As compañeiras eran as encargadas de guiar o proceso.

- Coñecer a palabra que debe escribir e descifrar as letras que a compoñen.
- Escribir letra a letra na pizarra individual para que o neno a identifique.
- Ofrecer diferentes gomets con letras a escoller.
- Comprobar que a selección é a correcta.
- Indicar onde debe pegar cada unha delas.

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

Valoración moi positiva, xa que participou todo o grupo e a implicación para solventar as necesidades foi total! Unha das cousas máis positivas foi que o alumno con dificultades aceptou moi ben a axuda das compañeiras, xa que non sempre é así, e, estivo moi implicado en todo momento. Outro dos aspectos que valoramos como moi positivo é o feito de que as outras tres integrantes do grupo se tiveran que organizar entre elas para ver como axudar e que é o que mellor podía facer cada unha delas.

Como "dificultade" só mencionar que se ralentizou moito o tempo de traballo con respecto os outros dous equipos.





